



comestas tamén as pedras da memoria

onde

miña naiciña

gardamos as figuras retóricas

que xa non queda lume na lareira

como as bestas

son palabras

o fume

cativo

nas mans

contan historias

ou iso din

calo

sen máis

pola miña parte

agardando calquera ruído

o fume esváese

como as bestas no monte





cedo

o *inem* tamén se fai fóra

resulta errático cando cae como pingas
dunha invertida columna de xeo
sobre as cabezas

o azar



vitoria

canta

realmente cánta

vexo

no tempo que me ofreces

que vas un pouco solta

soltos tamén levo os pés

libres como o vento para facer

isto

un bico

silencio



cómo

desculpa

hai anos que non entendo

de horas

son como a historia

morro permanentemente



onde estás

luz

mírame ben
comezo a carreira

este farol é meu
aluméame as noites

búscate unha cruz
que che dea lamentacións

considérame só
para os cobros
bimensuais

búscalle tamén
un sentido a todo isto
eu
amarei ese metal mollado da friaxe da xeadada
esa luz tenue

pasemos
comeza a refrescar



foi un pracer coñecerte
pero agora

vai *pró* carallo

desculpa
 teño fame
e iso vólveme irascible

tes fame
tes algo para comer

 logo convídote
non teño sal
 importaríache
logo agarda e de paso
miras de traer algo máis

tes cartos
veña logo
 vai



vaquiñas vaquiñas vaquiñas

son ovellas

cago na cona que te fundou

vaquiñas vaquiñas vaquiñas

vaquiñas vaquiñas vaquiñas

deixémonos de farsas

ti a que viñeches

alí hai un recanto escuro

fundámonos



lonxe de máis

non queda futuro

debaixo das pedras

atrás de todo isto

unha cambra

corre corre

de porta en porta

aproveitando a calor que fuxe


de todas partes

a figura

e ti mo preguntas

a figura

allariz



combate

non como o dolmen

isto é moito máis que historia

refírome a elevar a potencia

onde potencia quede

cúbrete de mans

as túas contigo

lonxe

ben lonxe

materializando a liña



pecha os ollos

convídasme a pasar

viña a pousarche o alento
na caluga

e co tempo
servir de guía ao orgasmo

máis só se tes lecer
podo volver máis tarde se o prefires

e que dixen
vou logo até aló
e aquí estou
se che podo servir en algo

percorre a morte
con síntomas de violencia

afiando na pel as armas

a música

como chora docemente
ávida a dor

o sangue
pinga a pinga

sobre a lingua

os risos





angueira

a sombra o recordo

e fano eles

pero

afóutese señora

encargareime de que non sexan versos de fogueo

que diría a villares

afoutos

aqueles nós todos

enmarcados nos versos

berce

maría no mar

azul

aló

manselle



yol bolsun

debe haber un camiño

o sol alumea
co tempo

como nunca

do-nós da estrofa



pausadamente

nun silencio

o ar

morno

un corpo

un calafrío

risos na escasa mirada íntima

buscando un lugar

unha recreación

pausadamente

nas ondas

o ar nas ondas